

# Bipartito PP-AEC: Un ano perdido para Cabanas

Promesa no acordo	Resultado
<b>Aprobación do PXOM</b>	O PXOM segue no mesmo estado de tramitación que o 30 de novembro de 2016. Entregóusenos unha nova versión con data de xullo no mes de maio. Nunha das últimas comisións celebradas díxosenos que iría ao pleno "pronto". En calquera caso, seguen sen corrixirse as eivas que sofre desde o comezo.
<b>Demolição segunda fase do Penso</b>	A obra está levándose a cabo mais o proceso do Edificio do Penso está lonxe de rematar. Tanto as indemnizacións coma os resultados arquitectónicos nas vivendas resultantes son moi deficientes e non compren o prometido á veciñanza, que se sente defraudada.
<b>Centros de encontro interparroquiais</b>	Nada sabemos deles.
<b>Creación de bolsas para o fomento do deporte</b>	Nada feito. Non sabemos como se van xestionar nin cal vai ser o criterio. Para deportistas de elite ou para todo o mundo?
<b>Ampliación do CEIP Eladia Mariño</b>	Aparece consignado por primeira vez unha cantidade ao efecto nos Orzamentos á Xunta. Porén, as obras non comezaron e xa sabemos que non é a primeira vez que as partidas orzamentarias quedan sen materializar. Os fondos, ademais, non cobren a ampliación do comedor.
<b>Mellora das instalacións da residencia de maiores en Laraxe</b>	Nada sabemos destas melloras. Tampouco se deu resposta desde o Concello aos frecuentes atascos (causantes de verteduras) dos condutos de augas residuais no Barreiro, que segundo o goberno municipal son responsabilidade da residencia.
<b>Segunda fase do proxecto de abastecemento de augas</b>	Aprobáronse varios proxectos, incluída a conexión coa rede de Pontedeume, pero non comezaron as obras. Mentres tanto a veciñanza de Laraxe segue sen poder desfrutar do servizo de abastecemento inaugurado pola Xunta en 2011. Non hai plans para dotar de abastecemento ao resto das parroquias.
<b>Mellora da seguridade viaria</b>	Nada se fixo ao respecto. Aconteceron varios accidentes na N-561, e a situación aínda se ha agravar máis como consecuencia do novo trazado do Camiño Inglés a Santiago.
<b>Accesibilidade na AC-141 (cruce de Cardeita)</b>	O cruce de Cardeita segue exactamente igual que o 30 de novembro de 2016.
<b>Humanización da N-651</b>	A eterna promesa do goberno central, que Orzamento tras Orzamento destina unha cantidade simbólica para unhas obras que nunca se chegan a realizar e que, ademais, tiñan un proxecto moi pouco axeitado á realidade do Concello.
<b>Mellora do saneamento nos núcleos rurais</b>	Estanse levando a cabo obras en Lavandeira con cargo a fondos externos, pero non ningún plan para dotar de saneamento ao resto dos núcleos.
<b>Talleres de emprego</b>	Só se realizaron talleres a través de iniciativas supramunicipais. Ningún taller de emprego organizado directamente polo Concello.
<b>Acondicionamento parques municipais</b>	Non houbo ningún traballo de acondicionamento e en moitos casos están nun estado lamentable, nalgúns casos inaccesibles pola vexetación.
<b>Acondicionamento paseo da Magdalena</b>	Non se realizou ningunha intervención no Paseo da Magdalena e o seu estado cada vez é peor. Especialmente graves son os problemas de iluminación.

Fonte: <http://www.cabanas.gal/gl/node/718>